

**CPI JOSÉ GARCÍA GARCÍA.
MENDE, OURENSE**

PROGRAMACIÓN DE VALORES ÉTICOS 1º ESO

**CONTIDOS MÍNIMOS E
CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Curso 2021-22

Profesor que inparte a materia, membro do departamento de Debuxo.

Xosé Manuel Rodríguez Alonso

Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable

Grao mínimo de consecución dos estándares para superar a materia.

- B1.2. Características da persoa: independencia, racionalidade e liberdade.
- B1.3. Dignidade da persoa: a persoa como ser moral.
- B1.4. Adolescencia: crise de identidade, formación de grupos e influencia do grupo no/na adolescente.
- B1.5. Desenvolvemento da autonomía persoal na adolescencia. Control da conduta e escolla de valores éticos.
- B1.6. Personalidade: factores xenéticos, sociais, culturais e do contorno ambiental que inflúen na súa construción. Capacidade de

autodeterminación no ser humano.

- B1.10. Valores éticos e capacidade de autocontrol emocional.
- B2.1. A natureza social do ser humano.
- B2.7. Diferenza entre a vida privada (regulada pola ética) e a vida pública (regulada polo dereito). Límites da liberdade nos dous ámbitos.
- B3.10. Valores e normas éticas, e os seus efectos beneficiosos para a persoa e para a comunidade.
- B3.1. Diferenzas entre ética e moral. Importancia da reflexión ética.
- B5.1. Preámbulo da DUDH: a dignidade das persoas como fundamento dos seus dereitos universais, inalienables e innatos.
- B5.2. Dereitos da muller: patróns económicos e socioculturais que fomentaron a violencia e desigualdade de xénero.

PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN

A- Normas de convivencia

O profesor aplicará o regulamento de réxime interno na aula, como non pode ser doutra maneira facendo uso de amonestacións ou partes de incidencia se chegara a ser necesario. Ademais tomará nota no caderno de chamadas á orde leves no caso de ser necesario. Estas chamadas tamén terán o seu efecto na nota, deixando de sumar, non restando.

B- Procedemento para obter a nota da avaliación.

Ao final de cada trimestre cada alumno/a celebrárase unha proba sobre os contidos impartidos ata o momento incluíndo os de avaliacións anteriores. O resultado desa proba será a nota da materia.

O debido respecto ás normas de convivencia subirá ata 1,5 puntos.

C- Nota final do curso

Como xa foi adiantado máis arriba, os contidos sobre os que verse cada exame, serán os de toda a materia tratada ata o momento, tanto da avaliación presente coma das anteriores, posto que se trata dunha avaliación continua, polo que a nota da última avaliación será a nota final.